


II Xornada de formación dos xefes e xefas dos departamentos de orientación

Jesús Manuel Rodríguez Buján



- 1. Orientación o longa da vida. Retos.**
- 2. Principais novidades académicas e profesionais**

1. Orientación o longa da vida. Retos.



Orientación profesional.

Definición da OCDE.

- Actividades dirixidas a axudar ás persoas de todas as idades, en todos os momentos da súa vida, a tomar unha decisión sobre educación, formación e profesión e a **xestionar a súa traxectoria profesional.**
- Axuda aos individuos a reflexionar sobre as súas **ambicións**, os seus **intereses**, a súa **calificación** e as súas **capacidades**

Orientación profesional.

Definición da OCDE.


- Axúdalles a comprender o mercado laboral e os sistemas educativos, e a relacionar estes coñecementos co que saben sobre eles mesmos
- Unha orientación profesional integral intenta ensinar as persoas a planificar e a tomar decisións sobre a súa vida laboral e a formación que implica.

Orientación profesional.


Definición da OCDE.

- A orientación profesional fai **alcanzable** a información sobre o **mercado laboral** e as **oportunidades de formación**, organizando e sistematizando esta información e **facendo que estea dispoñible no momento axeitado**, cando as persoas teñen necesidade dela.

Relación entre formación e orientación profesional



Relación emprego e formación



Necesidade da orientación

- **Beneficios educativos**

- Ligados á **mellora da eficiencia** do sistema de formación y a xestión da súa **relación co mercado laboral**.

- Se os individuos toman **decisións** sobre o que deben aprender a partir dunha información de calidade, tendo en conta os seus **intereses**, as súas **capacidades** e as súas **aspiracións**, os investimentos nos sistemas de formación profesional obterían maior rentabilidade.

Necesidade da orientación

- **Beneficios laborais**

- ligados á mellora da **adecuación entre a oferta e a demanda**, e os axustes de **xestión para o cambio**.

- Se se axuda as persoas a encontrar postos de **traballo** que **aproveiten** todo o seu **potencial** e **satisfagan** as súas **expectativas** e metas, estarán **máis motivados** e serán, probablemente, **máis produtivos**, evitando, ademais, as dificultades derivadas da sobrecualificación.

Necesidade da orientación


- **Beneficios de equidade**
 - ligados ao apoio á igualdade de oportunidades e a **inclusión social**.
 - A orientación debe realizar un labor de acompañamento nas aspiracións dos **grupos menos favorecidos** ou en risco e **apoiarlles** no acceso as **oportunidades de formación e emprego**, dende os principios dunha educación inclusiva.

Necesidade da orientación

- A crecente **frecuencia de transicións** entre o mundo educativo e laboral (formación-emprego, emprego-desemprego, emprego-formación, desemprego-formación, emprego-emprego)
- A mobilidade xeográfica
- Oferta máis **diversificada e especializada** tanto na formación como nas ocupacións que ofrece o mercado de traballo.
- **Orientación o longo da vida, máis necesario que nunca**

Estudo de “The Economist”

Retos dos departamentos de RRHH das empresas españolas para o 2010




Estudo do CEDEFOP para o 2010

- N° de universitarios en España 700.000
- Demanda de universitarios 460.000
- Non terán traballo **240.000**

- N° de técnicos en España 360.000
- Demanda de técnicos 400.000
- Necesítanse **40.000**

Porcentaxe de alumnado en educación secundaria postobligatoria

- Rama profesional e rama xeneral
 - Fonte Eurostat. Datos estadísticos 2005



Conclusiones

- Orientación e formación, vitais para o futuro
- Necesitamos preparar aos cidadáns para os cambios que se poidan encontrar e adaptar os traballadores as novas profesións.
- Necesitamos máis técnicos.


Onde podo orientarme?

- Tradicionalmente, en calquera **país europeo** se pode obter orientación profesional
 - No **ámbito laboral**, privados ou públicos, locais, rexionais ou estatais. En xeral situados en oficinas de emprego para dar servizo a persoas en situación de **busca** de emprego.
 - No **ámbito escolar** ou educativo, a través de servizos públicos, normalmente vinculada á administración educativa, ou privados. Os servizos de orientación poden ser internos, no propio centro educativo, ou servizos externos.
- Desta forma a orientación profesional limítase a estudantes e desempregados.

Estructura da orientación en Galicia

Información e Orientación Profesional

Oficinas de información xuvenil, oficinas de inmigración, oficinas municipais, sindicatos, confederación de empresarios, cámaras de comercio, fundacións e asociacións, ...



A orientación profesional no ámbito laboral

- Os servizos dedicados a estes grupos esforzándose en primeiro lugar por **encontrarlles traballo o antes posible**, para reducir o nivel de paro e o custo das prestacións de seguro de desemprego.
- É unha intervención rápida que **non permite** ás persoas que fan uso do servizo, **tomar conciencia** dos seus **intereses, aptitudes e capacidades**, de modo que lle permita realizar un deseño da súa carreira profesional e formativa.

A orientación profesional no ámbito educativo

- En xeral trátase dun servizo individual, que **intervén en momentos concretos** en que é preciso tomar unha decisión importante, e como un complemento do programa de estudos máis que como unha parte integrante deste.
- En xeral están centrados en decisións relativas á **elección dunha formación**, e **non se dá moita importancia á elección dunha profesión** e a vida profesional a longo prazo en **que desemboca un itinerario formativo determinado**.

A orientación profesional no ámbito educativo

- En particular, cando os servizos de orientación se sitúan totalmente dentro dun marco escolar, os vínculos co mercado de traballo poden resultar moi febles.
- Este problema agrávase cando, como é o caso de España, os orientadores deben prestar un asesoramento psicosocial e ao mesmo tempo unha orientación pedagóxica e profesional.

A orientación profesional no ámbito educativo

- As **necesidades** de carácter **psicosocial** das persoas con dificultades adoitan **ser máis imperiosas**, en particular se representan unha causa de perturbación no centro de ensino.

Tipos de orientación profesional

Información e orientación profesional

Inicial

O longo da vida

Centros educativos, formativos

Infantil, primaria

Secundaria

IES con FP

CIFP

Oficinas de
emprego


Empresas

Oficinas de información xuvenil, oficinas de inmigración, oficinas municipais, sindicatos, confederación de empresarios, cámaras de comercio, fundacións e asociacións, ...

Propostas para mellorar a orientación dende os centros educativos




Nestes momentos



Proposta 1

Traballo en rede



Proposta 1

Traballo en rede

- Establecer **relacións** con outros **centros** da zona, especialmente con aqueles implicados nas transicións de etapa do noso alumnado.
- Traballar máis a fondo, coas **implicacións** académicas e **profesionais** que implican, as transicións de etapa e especialmente de centro educativo.
- Permitir que o **alumnado coñeza a persoa encargada da orientación**, antes de producirse o **cambio de centro**.
- Realizar xornadas de información para pais e nais, con **presenza dos orientadores de outros centros**.

Proposta 2

Abrir o centro ao sector produtivo

- Visitar as empresas do entorno
- **Traer as profesións ao centro educativo:** soldador, dentista, bombeiro, mantemento de planta industrial, ebanista, xornalista ...
 - Exemplo: sector da madeira
 - Traballador da extracción da madeira (CM de , transformación da madeira, ebanista (CM en carpintaría e moble), fabricación do papel, traballador imprenta (ciclo de artes gráficas), xornalista (grao en xornalismo)....
- Participar en programas europeos, que permitan achegar as **realidades profesionais doutos países.**

Proposta 3

Abrir o centro ao sector formativo

- Potenciar as relacións cos centros de FP ou CIFP: coñecer os estudos que ofrecen, visitas aos talleres, campionatos de skills....
 - Os centros de FP dispoñen de contactos estreitos coas empresas
- Coñecer os centros de formación ocupacional e continua, ...
- Universidades

Proposta 4

Establecer relacións con outros ámbitos da orientación e información

- Orientación
 - Oficinas de información dos concellos, **oficinas de información xuvenil**, oficina de emprego, universidades, empresarios, ...
- Información
 - Bibliotecas, medios de comunicación, ...
 - Redes sociais: facebook, twitter, flickr

Proposta 5

Potenciar a orientación no propio centro

- Orientación
 - Facilitar o acceso aos servizos de orientación
 - máis presenza no portal do centro
 - mellorar a visibilidade do departamento de orientación
 - Establecer procedementos de calidade na práctica orientadora.
 - Traballar as habilidades de xestión da carreira profesional.

Beneficios

- Para o alumnado
 - Os propios dunha **orientación proactiva.**
- Para o centro
 - Mellora da práctica educativa e formativa.
- Para o profesional da orientación
 - **Dar visibilidade a voso traballo como profesionais da orientación.**

Habilidades de xestión da carreira

- As habilidades para a xestión da carreira fan referencia a un amplo abano de **habilidades e/ou competencias** que proporcionan ferramentas, tanto a individuos coma a grupos, para **buscar, seleccionar, analizar, sintetizar e organizar por un mesmo** a **información** de carácter educativo, formativo e profesional que en cada momento da súa vida lles interese; así como ás **habilidades** para adoptar e levar adiante **as súas propias decisións e transicións**

Habilidades de xestión da carreira

- Posible competencias para a xestión da carreira:
 - Competencias de comunicación, autonomía persoal, habilidades persoais, sociais e de adaptación, espírito emprendedor, adquisición de técnicas de busca de emprego, etc
- Nestes momento en gran parte de Europa estase a incorporar ao currículos escolares, de todos os niveis, estas competencias e outras por definir.

A modo de reflexión

Actualmente

- ¿Realízase unha verdadeira orientación profesional?
- ¿Coñeces algún organismo ou institución á que o cidadán de calquera idade poida acudir e recibir unha orientación profesional integral, completa?
- Existen sistemas integrados de información, para que o profesional da orientación teña ferramentas para realizar unha orientación profesional axeitada?
- Están os profesionais da orientación en condicións de ofrecer unha orientación profesional completa a calquera cidadán, xa sexa estudante, traballador, desempregado, mozo ou adulto...?

2. Principais novidades académicas e profesionais



Principais novidades académicas e profesionais

- Modificacións na Lei Orgánica de Educación e na Lei Orgánica das Cualificacións.
Proxecto de Lei Economía Sostible
- Inicio das ensinanzas de FP a distancia
- Acceso ensinanzas de grao desde FP
- Recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais
- Implantación de novos títulos LOE de FP
- Campionatos Galicia Skills
- Premio de orientación profesional

Lei de economía sostible.

Modificacións da LOE

- Acceso a PCPI.
 - o alumnado que teñan **finalizado o terceiro curso da ESO**.
 - ou que sexan maiores de 15 anos e cursasen o segundo curso da ESO e non estean en condicións de promover ao terceiro curso.
 - Requirirase a información e orientación previa aos alumnos e a seus pais ou tutores.

Lei de economía sostible.

Modificacións da LOE

- Potenciar o carácter orientador da ESO
 - Bloque dirixido aos estudantes que teñan pensado **continuar cara o bacharelato** .
 - Bloque que para o alumnado que teña pensado **continuar cara a FP**.
- Materias comúns
 - Educación ético-cívica, ciencias sociais, xeografía e historia, linguas , matemáticas

Lei de economía sostible.

Modificacións da LOE

- Tres materias a elixir
 - Bloque dirixido aos estudantes que teñan pensado continuar cara o bacharelato .
 - Bioloxía e xeoloxía, educación plástica, física e química, informática, latín, música e 2ª lingua estranxeira
 - Bloque dirixido aos estudantes que teñan pensado continuar cara a formación profesional.
 - Deseño, química aplicada, informática, alimentación e nutrición, tecnoloxía, **orientación para la actividade empresarial e seguridade e saúde laboral.**

Lei de economía sostible.

Modificacións da LOE

- Acceso a ciclos formativos de grao medio
 - Ter superado os **módulos obrigatorios** dun PCPI
 - Ter superado un **curso de formación** específico para o acceso a ciclos de grao medio, centrado nas competencias básicas da ESO. Requirirase ter **dezasete** anos como mínimo.

Lei de economía sostible.

Modificacións da LOE

- Acceso a ciclos formativos de grao superior
 - Posuír o título de Técnico de grao medio e ter superado **un curso** de formación específico, centrado nos obxectivos xerais do bacharelato.

Lei de economía sostible.

Modificacións da LOE

- Validacións recíprocas
 - Módulos de grao medio e bacharelato
 - Estudos de FP e ensinanzas artísticas e deportivas.

Lei de economía sostible.

Modificacións da LOE

- Posibilidade de colaboración entre FP superior e o ensino universitario.
 - xeración de ámbitos integrados de formación profesional superior, onde se desenvolvan novos modelos de relacións entre o tecido produtivo, a universidade, a formación profesional e os organismos agregados, co fin de crear innovación científica e empresarial.
 - ámbito integrado de formación profesional superior aquel campus universitario que incorpore no seu ámbito de influencia un centro de formación profesional de grao superior cuxa familia de especialización encóntrase relacionada cunha das especializacións do campus

Lei de economía sostible.

Modificacións da LOE

- **Validacións recíprocas** entre ciclos de grao superior e títulos de grao de ensinanzas universitarias.
 - De CS a graos, mínimo 30 créditos ECTS
- Se as ensinanzas universitarias inclúen prácticas en empresas, posibilidade de validar a FCT

Lei de economía sostible.

Modificacións da L.O. das cualificacións

- Posibilidade de ofertar cursos de especialización para complementar as competencias dos que xa dispoñan dun título de formación profesional.
- **Os centros de FP** poderán ofertar **programas formativos** configurados a partir de módulos incluídos nos títulos de formación profesional ou nos certificados de profesionalidade, podendo incluír tamén outra formación.
- Os **centros de FP** poderán **impartir FP** para o **emprego**.

Lei de economía sostible.

Modificacións da L.O. das cualificacións

- FP a distancia, especialmente para **permitir** que as **persoas** que se someteron ao **proceso de acreditación** de competencias completen a súa formación para que poidan **obter un título ou un certificado**.
- Prioridade na avaliación e acreditación de competencias adquiridas a través da experiencia profesional en profesións relacionadas con:
 - Os sectores en crecemento, que creen emprego.
 - Persoas desempregadas sen cualificación
 - Sectores nos que exista algunha regulación que obrigue aos traballadores a ter unha acreditación oficial.

Lei de economía sostible.

Modificacións da L.O. das cualificacións

- **Oferta específica** para as **persoas que se presentaron ao proceso de avaliación e acreditación de competencias** para completar a súa formación cara títulos ou certificados de profesionalidade.

Lei de economía sostible.

Modificacións da L.O. das cualificacións

- Se engade un novo artigo destinado aos servizos de información e orientación profesional.
 - **Establecemento dunha rede que asesore posibilidades de formación, emprego e o recoñecemento de competencias**, que permita, a **coordinación entre os dispositivos** dependentes das administracións educativas e laborais, da Administración local, dos interlocutores sociais, e de calquera outro organismo ou entidade que preste servizos de orientación.

Lei de economía sostible.

Modificacións da L.O. das cualificacións

- A accesibilidade deste servizo a **todos os cidadáns**, independentemente da súa condición social e profesional e da súa situación xeográfica, e de acordo co principio de igualdade de oportunidades
- Xa recollía
 - Aos servizos de información e orientación das Administracións públicas lles corresponde proporcionar información ao alumnado do sistema educativos, as familias, aos traballadores e a sociedade en xeral.

Principais novidades

Inicio das ensinanzas de FP a distancia



Oferta de FP a distancia

- Destinatarios
 - As persoas adultas, especialmente as que teñan acreditada experiencia profesional, preferentemente nun sector produtivo directamente relacionado co ciclo formativo.
 - 50 praza por módulo

Oferta de FP a distancia

- Requisitos de acceso
 - Os mesmos que para FP de persoas adultas.
 - En caso de **non dispor dos requisitos de acceso** poderán **cursar os módulos asociados a unidades de competencia**, sempre que teña acreditada unha **experiencia laboral** equivalente ao traballo a tempo completo de **dous anos** nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo

Oferta de FP a distancia

- Prazos
 - Presentación solicitudes: do 12 ao 18 de novembro
 - Listaxe provisional: 19 de novembro
 - Listaxe definitivo: 24 de novembro
 - Matriculación: 25 e 26 de novembro
 - Matriculación en prazas liberadas: ata o día 3 de decembro.

Oferta de FP a distancia

- Ciclo de grao superior de Educación infantil
- Módulos
 - Didáctica da educación infantil.
 - O xogo infantil e a súa metodoloxía.
 - Expresión e comunicación.
 - Desenvolvemento cognitivo e motor.
 - Formación e orientación laboral.

Oferta de FP a distancia

- Ciclo de grao media de Emerxencias sanitarias
- Módulos
 - Loxística sanitaria en emerxencias.
 - Dotación sanitaria.
 - Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia.
 - Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia.
 - Plans de emerxencias e dispositivos de riscos previsibles.
 - Teleemerxencias.
 - Anatomofisioloxía e patoloxía básicas.
 - Formación e orientación laboral.

Oferta de FP a distancia

- Máis información
 - www.edu.xunta.es/fp
- Centro educativo
 - CIFP Ánxel Casal - Monte Alto
 - Paseo Marítimo, 47. 15002 - A Coruña
 - Teléfono: 981 210 112
 - <http://centros.edu.xunta.es/cifpanxelcasal>

Principais novidades

**Acceso ensinanzas de grao universitario desde os
ciclos superiores de FP**



Acceso ensinanzas de grao desde FP

- Acceso directo a calquera estudo de grao
- Si o número de prazas é menor que solicitudes.
 - Nota de admisión= NMC
 - Procedemento para mellorar a nota de admisión. Proba, denominada fase específica.
 - 4 exercicios a elixir, con dúas opcións. Puntuados de 0 a 10. Superado si maior que 5.

Acceso ensinanzas de grao desde FP

- Nota de admisión= $NMC + a \cdot M1 + b \cdot M2$
 - a e b: Parámetros de ponderación. En xeral con valor 0,1 ou en casos 0,2. As universidades farán públicos ditos parámetros.
 - A nota de admisión incorporará as cualificacións dos exercicios da fase específica, no caso de que os temas sobre os que versen estean adscritos a rama de coñecemento do título ao que se pretende acceder. Esta adscrición será realizada no presente curso escolar 2010-2011.

Principais novidades

**Recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro
das cualificacións profesionais**



Vías para a obtención dos títulos de Formación Profesional

- Vías directas
 - Superación efectiva das ofertas formativas presenciais ou a distancia correspondentes.
 - Superación das probas organizadas para a súa obtención directa.
 - Estar en posesión dos requisitos de acceso.
 - 20 anos para ciclos de grao superior. (19 co título de Técnico).
 - 18 anos para ciclos de grao medio.

Vías para a obtención dos títulos de Formación Profesional

- **Vía indirecta.**
- Pódese obter **unha parte** do título mediante
 - Recoñecemento da competencia profesional a través da experiencia laboral e as aprendizaxes non formais (Artigo 8.3 da Lei Orgánica 5/2002).
 - Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
 - Non é necesario ter requisitos académicos.
- Para obter o título, necesítase
 - superar os módulos, non asociados a unidades de competencia mediante formación nun centro educativo.
 - Para obter o título hai que estar en posesión dos requisitos.

A través de qué vías é posible aprender?

- **Vías formais.** É un aprendizaxe intencional. Procesos formativos que conducen a unha acreditación oficial con valor académico e/ou profesional
- **Vías non formais.** É un aprendizaxe intencional. Non conduce a acreditación oficial.
- **Experiencia profesional.** Actividades no traballo diario. O aprendizaxe non está estruturado e non adoita ser intencionado. Non conduce a acreditación oficial.

A quen pode interesar?

- A todas aquelas persoas que adquirisen as súas competencias profesionais **mediante a experiencia laboral e/ou formación** pero que non teñan unha acreditación oficial desta e queiran obtela.

Que comporta o procedemento?

- Comprobar se as persoas poden desempeñar o traballo segundo as necesidades actuais dos diferentes sectores produtivos. É dicir, se **dispoñen** de **competencia profesional**.
- Unha vez comprobada a competencia a través das fases establecidas, a estas persoas recoñéceselles con carácter oficial o que se coñece como **unidade de competencia** e emíteselles unha **acreditación**.

Servizos de información e orientación

Finalidade

- **Información** sobre o finalidade do procedemento para facilitar que as persoas poidan tomar unha **decisión fundamentada** sobre a súa participación no procedemento.
 - Fases e duración do procedemento.
 - Non é un procedemento simple e ademais é prolongado no tempo
 - Requisitos para participar no procedemento
 - Acreditacións oficiais que se pode obter.
 - Non conduce directamente a título.
 - Información sobre convocatorias.
 - Onde pode obter máis información e de ser o caso, formalización e presentación da documentación pertinente.

Servizos de información e orientación

Finalidade

- Nos centros onde se realice o procedemento, ademais
 - O concluír o procedemento deberán elaborar un plan de formación para o candidato no que se fará constar as posibilidades de formación
 - Para que poidan acreditar en convocatorias posteriores as unidades de competencia das que solicitaron a súa acreditación.
 - Para completar a formación conducente a un título de FP ou a un certificado de profesionalidade.

Fases do procedemento

Fase 1

Asesoramento

Fase 2

Avaliación da competencia profesional

Fase 3

Acreditación da competencia profesional

Asesoramento

- Dúas reunións.
 - **De grupo.** Información xeral e principais contidos das unidades de competencia.
 - **Individual.** Axudar o candidato
 - a cumprir o **cuestionario de autoevaluación** coa finalidade de facer explícitas as competencias e aprendizaxes que adquiriu.
 - elaborar o **dossier de evidencias**.

Asesoramento

- O asesor,
 - emitirá **informe** para á comisión de avaliación que terá **carácter informativo**, indicando se hai evidencias xustificadas da competencia en cada unha das unidades de competencia
 - indicarlle o candidato a **conveniencia de pasar ou non á fase de avaliación**.
 - Informe negativo, facilitará información para obter formación complementaria que debería realizar.
 - Como o informe non é vinculante, o candidato pode decidir pasar a fase de avaliación.

Avaliación

- Comisión de avaliación
 - Análise do informe do asesor e de todas as evidencias indirectas obtidas da documentación achegada polo candidato.
 - Métodos de avaliación, especificados nas guías de evidencias.
 - Simulacións, probas estandarizadas de competencia profesional, entrevista profesional ou observación do candidato

Avaliación

- Resultado
 - Que unidades de competencia están demostradas ou non

Acreditación

- Consiste expedición de unha acreditación (certificado) das unidades de competencia nas que se demostrara competencia profesional.

Efectos da acreditación

- As acreditacións son parciais e acumulables, polo que unha persoa pode participar tantas veces como considere oportuno.
- Teñen carácter oficial e terán os efectos académicos e profesionais.
 - A administración educativa, validará os módulos formativos asociados a títulos
 - A administración laboral, validará módulos formativos asociados a certificados de profesionalidade.

Requisitos dos candidatos

- Ter cumprido no momento de realizar a inscrición
 - 19 anos cando se trate de competencias de nivel I
 - 20 anos cando se trate de competencias de nivel II y III
- Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada
 - Experiencia laboral
 - Nivel I: 2 anos, mínimo 1.200 horas traballadas.
 - Nivel II e III: 3 anos, mínimo 2000 horas traballadas nos últimos 10 anos.
 - Formación
 - Nivel I: 200 horas nos últimos anos
 - Nivel II e III: 300 horas

Próxima convocatoria

- Unidades de competencia de ciclos
 - CM carrozaría 50 prazas
 - CM Cociña e gastronomía 50 prazas
 - CM Emerxencias sanitarias 100 prazas
 - CM Farmacia e parafarmacia 100 prazas
 - CM Servizos de restauración 50 prazas
 - CM Soldadura e caldeiraría 50 prazas
 - CS Educación infantil 100 prazas
 - CM Instalacións eléctricas e automáticas 50 prazas

Principais novidades

Implantación de novos títulos LOE de FP



Implantación dos currículos

- Todos os títulos publicados no BOE nun determinado ano natural serán implantados no curso seguinte.
 - Exemplo:
 - Publicación do título en BOE: entre o 01/01/09 e o 31/12/09.
 - Curso de implantación: 2010/2011

Novos títulos para o curso 2011-12 (Publicados no BOE)

- Ciclos formativos de grao medio:
 - Técnico en xestión administrativa.
 - Técnico en electromecánica de vehículos automóbiles.
 - Técnico en elaboración de produtos alimenticios.
 - Técnico en fabricación de produtos cerámicos.
 - Técnico en xardinaría e floraría
- Ciclos formativos de grao superior:
 - Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
 - Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
 - Técnico superior en dirección de cociña.
 - Técnico superior en dirección de servizos de restauración.
 - Técnico superior en deseño e produción de calzado e complementos.
 - Técnico superior en proxectos de edificación.
 - Técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.

Principais novidades

Skill



Galicia Skills



- Competicións sobre competencias profesionais.
 - Obxectivos
 - Mellorar o atractivo da FP
 - Motivar ao alumnado
 - Recoñecer e estimular a labor do profesorado
 - Potenciar as relacións co profesorado

Galicia Skills

Galicia Skills

Especialidades, centros e datas

- | | | |
|--------------------------------|------------------|-------------|
| – Carpintaría | IES A Xunqueira | 25 de nov.. |
| – Coidados de beleza | IES de Teis | 23 de nov. |
| – Deseño web | IES San Clemente | 26 de nov. |
| – Ebanistaría | IES A Xunqueira | 25 de nov. |
| – Peiteado | CIFP Someso | 16 de nov. |
| – Servizo de restaurante e bar | CIFP Compostela | 26 de nov. |
| – TI PC soporte de rede | IES San Clemente | 26 de nov. |

Galicia Skills



- Fases
 - Autonómica
 - Nacional. Spain Skills
 - Internacional. World Skillis

Principais novidades

Premio de orientación profesional



Premio de orientación profesional

- Incluído no programa de cooperación territorial 2010-2011
 - Convocatoria inicio de 2011
 - Responsable: Ministerio de educación
 - Posibles temáticas.
 - Traballo en rede
 - Calidade nos servizos de orientación
 - Integración (colaboración) entre distintos ámbitos da orientación profesional
 - Experiencias no fomento de adquisición de habilidades de xestión da carreira (persoal, formativa e profesional)

Grazas

pola súa atención

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa**

orientacion.profesional@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/fp

